

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 29 DE DECEMBRO DE 1995.-**

Na casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintenove de Decembro de mil novecentos noventa e cinco; ás doce da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria da Comisión Municipal de Goberno, oportunamente convocada, correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1. ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o día 26 de Decembro pasado.

2. CUESTIONS ECONOMICAS.-

Para garanti-lo normal funcionamento dos servicios, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda prorroga-los contratos dos traballadores que de seguido se sinalan, nos mesmos termos dos contratos actualmente vixentes perante o exercicio económico de 1996, agás que se producira a cobertura regulamentaria das devanditas plazas antes do remate do ano:

Don José Benito Gómez Lojo.
Dona Antonia Reinaldo Touza.
Don Eduardo Lorenzo Dabarca.
Don José Manuel Pérez Otero.
Don Luis Iglesias Barreiro.
Don Antonio Domínguez Fernández.
Don Maximino Lama Miguez.
Don Gerardo Fernández Pérez.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a prórroga dos contratos dos traballadores que relacionan de seguido, e que rematarán coa adscripción dos referidos traballadores á empresa concesionaria do servizo de xestión integral do servizo de auga e, en todo caso o 31 de Decembro de 1996; agás que se producira a cobertura das devanditas prazas antes do remate do ano:

Don José Fernández Touza.

Don Manuel Freijido Juste.

Don José Manuel Deaño Carballal.

Non se efectúan as renovacións do Auxiliar de Recaudación e do Lector de Contadores tendo en conta o asunto que se someteu o Pleno da Corporación, respecto da concesión do Servizo Municipal de Augas.

E sendo as doce e vinte da mañá, o Sr. Alcalde, ergue a sesión, estendéndose a presente, do que, coma Secretario accidental, certifico.